



I 9b

Hei de ir á túa seitura,
ai, meniña, queiras non queiras
hei de ir á túa seitura,
ai, por che ver as atadeiras.

- Despois botas un aturulo ao último. (Aturuxo) Entendeches?
- Está moi guapa esa.
- Verdade que é guapa? E ademáis o tono tamén antiquísimo (...) e hai outra tamén do fiadeiro. Esperate a ver... Esta tamén para a seitura:

Se ti queres e eu quero,
ai, nena da cara redonda,
se ti queres e eu quero,
ai, unha cama nos abonda.
(Aturuxo)

I 181

Eu quedei de vir e viñen,
ai, meniñas, ó fiadeiro,
eu quedei de vir e viñen,
ai, eu non son farandoleiro.

- Este tono que che cantei agora, antes empregábano para todo. Era o que había. Ese tono, cantabao todo o mundo.

Eu quedei de vir e viñen,
ai, meniñas, ó fiadeiro,
eu quedei de vir e viñen,
ai, eu non son farandoleiro.

- Falta o aturuxo, pero. Pois a do Carballiño acórdacheme a min.

I 345e

O cantar dos arrieiros
é un cantar moi baixiño,
cántano en Ribadavia
resoa no Carballiño.

- Pero ... o tono
- Repíteo.
- Que quere que repita? A estrofa? Toda?

I 345e

O cantar dos arrieiros
é un cantar moi baixiño,
cántano en Ribadavia
resoa no Carballiño.
(Aturuxo)

- Vanche ben dilas.